

e recolle-lo resto de auga (ata aproximadamente un litro) arrastrando os restos do rascado. Medir temperatura da auga e cantidade de cloro libre.

c) En torres de refrixeración, condensadores evaporativos ou outros aparellos de refrixeración que utilicen auga no seu funcionamento e xeren aerosois, tomarase un litro de auga do depósito (no punto máis afastado da achega) e do retorno. Recoller posibles restos de sucidade e incrustacións. Medi-la temperatura da auga e a cantidade de cloro libre.

Dependendo do estudio epidemiolóxico, tomaranse mostras doutras instalacións como piscinas, pozos, sistemas de rega, fontes, instalacións termais, así como doutros equipos que aerosolicen auga, como nebulizadores, humidificadores ou equipos de terapia persoal. Nestes supostos o número de puntos para tomar mostra de auga dependerá do tipo de instalación e a súa accesibilidade, e o volume de auga que se tome dependerá da cantidade de auga utilizada no seu funcionamento. En calquera caso deberase medi-la temperatura e o cloro.

As mostras deberanse recoller en envases estériles, ós que se engadirá un neutralizante. Deberán chegar ó laboratorio o antes posible, manténdose a temperatura ambiente e evitando temperaturas extremas.

d) Normas de transporte. Será de aplicación o Acordo Europeo de Transporte Internacional de Mercancías Perigosas por Estrada (ADR 2003), ou o Regulamento sobre mercadorías perigosas da Asociación de Transporte Aéreo Internacional IATA-DGR (44 edición, xaneiro 2003). Acondicionarase para o transporte de forma que se contemplen os tres niveis de contención recomendados pola ONU e especificarase no paquete externo «Especíme diagnóstico embalado coas instrucións 650».

Os recipientes serán os adecuados para evita-la súa rotura e serán estancos, deberán estar contidos nunha embalaxe secundaria a proba de filtracións e un paquete externo que protexa o secundario e o seu contido de agresións externas.

MINISTERIO DE FACENDA

14880 *REAL DECRETO 895/2003, do 11 de xullo, polo que se desenvolve a disposición adicional segunda da Lei 53/2002, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, sobre beneficios fiscais aplicables ó Ano Santo Xacobeo 2004. («BOE» 177, do 25-7-2003.)*

A grande importancia cultural e histórica da celebración do Ano Santo Xacobeo 2004 determinou a necesidade de establecer na disposición adicional segunda da Lei 53/2002, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, un marco xurídico adecuado que promova as iniciativas encamiñadas á celebración de tal acontecemento.

Mediante a dita disposición adicional establécese un conxunto de incentivos fiscais que, para a súa correcta aplicación, requiren unha determinación completa e concreta dos requisitos que deben reuni-los investimentos e gastos que se queiran acoller ós ditos incentivos, así como determina-la canle procedemental adecuada á que se deberán axustar-las persoas e entidades que leven a cabo os investimentos e gastos.

Por iso, este real decreto, en desenvolvemento do disposto nos puntos seis e oito.2 da disposición adicional segunda da Lei 53/2002, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, establece

as condicións que deben cumpri-los investimentos en elementos do inmovilizado material e en obras de rehabilitación de edificios e outras construcións para poder acollerse ós beneficios fiscais. Tamén desenvolve os requisitos establecidos pola disposición adicional segunda da Lei 53/2002, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, en relación cos gastos de propaganda e publicidade de proxección pluri-anual, que, en todo caso, deberán promoverse-lo acontecemento e obter a aprobación previa do Consello Xacobeo. Así mesmo, defínense as actividades de carácter artístico, cultural, científico ou deportivo a realización das cales pode dar dereito á bonificación na cota do imposto sobre actividades económicas, e precísanse os casos en que unha empresa ou entidade desenvolve exclusivamente os obxectivos do Ano Santo Xacobeo 2004 para ter dereito, por iso, á bonificación que se establece en relación cos impostos e taxas locais.

Polo que fai referencia ó procedemento, este artículase a través de dous trámites fundamentais: por un lado, as certificacións expedidas polo Consello Xacobeo mediante as que se acredita que os investimentos e gastos realizados se enmarcan no conxunto de plans e programas de actividades do acontecemento e, por outro lado, o recoñecemento previo pola Administración tributaria competente do dereito á aplicación dos beneficios fiscais establecidos.

De acordo co anterior, este real decreto estrutúrase en tres capítulos: o primeiro, dedicado a regula-los requisitos esixidos para a aplicación dos beneficios fiscais; o segundo establece os aspectos procedementais, e o terceiro, que recolle o réxime de mecenado prioritario.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Facenda, coa aprobación do ministro de Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 11 de xullo de 2003,

DISPÓÑO:

CAPÍTULO I

Beneficios fiscais aplicables ó Ano Santo Xacobeo 2004

Artigo 1. *Contido e ámbito de aplicación.*

1. Este real decreto desenvolve o previsto na disposición adicional segunda da Lei 53/2002, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, relativa ós beneficios fiscais aplicables ó Ano Santo Xacobeo 2004.

2. Os investimentos e as actividades con dereito á aplicación dos beneficios fiscais serán os establecidos neste capítulo.

3. O recoñecemento previo do dereito dos suxeitos pasivos a aplicaren tales beneficios tramitarase conforme o procedemento recollido no capítulo II deste real decreto.

Artigo 2. *Investimentos en elementos do inmovilizado material e en obras de rehabilitación de edificios e outras construcións.*

1. De acordo co disposto no punto dous.1.a) da disposición adicional segunda da Lei 53/2002, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, os suxeitos pasivos do imposto sobre sociedades poderán deducir da cota íntegra do imposto o 15 por cento dos investimentos que, efectuados nos termos municipais enumerados no anexo deste real decreto, se realicen en cumprimento dos plans e programas de actividades establecidos polo Consello Xacobeo e que con-

sistan en elementos do inmovilizado material novos, sen que, en ningún caso, se consideren como tales os terreos.

Entenderase que non están realizados en cumprimento dos plans e programas de actividades establecidos polo Consello Xacobeo os investimentos efectuados polas empresas subministradoras para a instalación ou ampliación de servizos de telecomunicacións, tendido eléctrico, abastecemento de auga, gas ou outras subministracións, salvo que se realicen en:

a) Municipios cun número de habitantes inferior a 5.000.

b) Municipios cun número de habitantes igual ou superior a 5.000 e inferior a 10.000, cun número de entidades singulares de poboación superior á media de entidades singulares de poboación de tódolos municipios comprendidos no Camiño de Santiago, segundo os datos incluídos no censo de poboación de 1997 correspondente ó ano 2001 do Instituto Nacional de Estatística.

Para estes efectos, o concepto de entidade singular de poboación será o definido na Resolución do 1 de abril de 1997, da presidenta do Instituto Nacional de Estatística e do director xeral de Cooperación Territorial, pola que se dictan instrucións técnicas ós concellos sobre a xestión e revisión do padrón municipal, que foi publicada, por disposición da Resolución do 9 de abril de 1997, da Subsecretaría do Ministerio da Presidencia, no «Boletín Oficial del Estado» do 11 de abril de 1997.

2. De acordo co disposto no punto dous.1.b) da disposición adicional segunda da Lei 53/2002, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, os suxeitos pasivos do imposto sobre sociedades poderán deducir da cota íntegra do imposto o 15 por cento dos investimentos que, efectuados nos termos municipais citados no anexo deste real decreto, se realicen en cumprimento dos plans e programas de actividades establecidos polo Consello Xacobeo e que consistan en obras de rehabilitación de edificios e outras construcións que reúnan os requisitos establecidos na normativa estatal sobre financiamento de actuacións protexidas en materia de vivenda, vixente no momento de execución das obras de rehabilitación, e que contribúan a realza-lo espazo físico afectado pola referida disposición adicional.

3. As obras de construción e rehabilitación de edificacións a que se refiren os puntos anteriores deberán cumprir, ademais, as normas arquitectónicas e urbanísticas que, ó respecto, poidan establece-los respectivos concellos e o Consello Xacobeo, circunstancia que se deberá acreditar mediante a correspondente licenza de obras.

4. Para efectos da aplicación destes incentivos, entenderase que os investimentos a que se refiren os puntos 1 e 2 anteriores se enmarcan nos plans e programas de actividades establecidos polo Consello Xacobeo cando entrasen en funcionamento antes do 31 de agosto de 2004 e obtívesen a correspondente certificación acreditativa a que se refire o artigo 8.

5. A aplicación da deducción regulada neste artigo estará suxeita, en todo caso, ás normas establecidas no punto dous.2 da disposición adicional segunda da Lei 53/2002, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social.

Artigo 3. *Gastos de propaganda e publicidade de proxección plurianual.*

1. De acordo co disposto no punto dous.1.c) da disposición adicional segunda da Lei 53/2002, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, os suxeitos pasivos do imposto sobre sociedades poderán deducir da cota íntegra do imposto o 15 por cento dos investimentos que se realicen en cumprimento

dos plans e programas de actividades establecidos polo Consello Xacobeo e que consistan na realización, en España ou no estranxeiro, de gastos de propaganda e publicidade de proxección plurianual que sirvan directamente para a promoción do Ano Santo Xacobeo 2004 e reciban a aprobación do Consello Xacobeo anteriormente citado.

2. Para efectos do previsto no punto anterior, considerarase que os gastos de propaganda e publicidade cumpren os requisitos sinalados no dito punto cando reúnan as condicións sinaladas nos parágrafos seguintes:

a) Que consistan en:

1.º A produción e edición de material gráfico ou audiovisual de promoción ou información, consistente en folletos, carteis, guías, vídeos, soportes audiovisuais ou outros obxectos, sempre que sexan de distribución gratuíta e sirvan de soporte publicitario do acontecemento.

2.º Os gastos en que incorran as empresas para a instalación ou montaxe de pavillóns específicos, en feiras nacionais e internacionais, nos que se promova turisticamente o Ano Santo Xacobeo 2004.

3.º A realización de campañas de publicidade do acontecemento, tanto de carácter nacional coma internacional.

4.º A cesión polos medios de comunicación de espazos gratuítos para a inserción polo Consello Xacobeo de anuncios dedicados á promoción do Ano Santo Xacobeo 2004.

b) Que sirvan directamente para a promoción do Ano Santo Xacobeo 2004 porque o seu contido favoreza a divulgación da celebración do acontecemento.

A base da deducción será o importe total da investimento realizado cando o contido do soporte publicitario se refira de modo esencial á divulgación da celebración do Ano Santo Xacobeo 2004. En caso contrario, a base da deducción será o 25 por cento do investimento realizado.

3. Para os efectos indicados nos puntos anteriores, será necesario que, con carácter previo á realización das actividades publicitarias a que alude o punto 2, estas reciban a aprobación e a cualificación do Consello Xacobeo sobre o contido do soporte publicitario, na que se indicará expresamente se o dito contido se refire ou non de modo esencial á divulgación do Ano Santo Xacobeo 2004. Para estes efectos deberá presentarse a correspondente solicitude, na que se fará mención expresa da cualificación que se solicita, xuntándose copia ou proxecto da campaña publicitaria no soporte adecuado á natureza desta.

O Consello Xacobeo notificará a resolución no prazo de dous meses desde a presentación da correspondente solicitude.

Se no prazo de dous meses desde a presentación da dita solicitude non se recibise requirimento ou notificación administrativa acerca desta, entenderase producida a aprobación do gasto coa cualificación solicitada. No suposto de que no escrito de solicitude non se fixer mención expresa da cualificación que se solicita, entenderase que o contido do soporte publicitario non se refire de modo esencial á divulgación da celebración do Ano Santo Xacobeo 2004.

O prazo para a presentación das solicitudes a que se refire este punto rematará o 15 de outubro de 2004.

4. Entenderase que os investimentos a que se refire este artigo se enmarcan nos plans e programas do Consello Xacobeo cando as actividades publicitarias obtívesen a aprobación e a cualificación do dito Consello, de acordo co disposto no punto anterior, e a correspondente certificación acreditativa a que se refire o artigo 8.

5. A aplicación da deducción regulada neste artigo estará suxeita, en todo caso, ás normas establecidas no punto dous.2 da disposición adicional segunda da Lei 53/2002, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social.

Artigo 4. *Beneficios fiscais no imposto sobre a renda das persoas físicas.*

De acordo co disposto no punto tres da disposición adicional segunda da Lei 53/2002, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, os suxeitos pasivos do imposto sobre a renda das persoas físicas que exerzan actividades económicas en réxime de estimación directa poderán aplica-las deducións a que se refiren os artigos 2 e 3 anteriores, nos termos e coas condicións previstas nos citados preceptos e na normativa reguladora do dito imposto.

Artigo 5. *Beneficios fiscais no imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados.*

De acordo co disposto no punto catro da disposición adicional segunda da Lei 53/2002, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, as transmisións patrimoniais suxeitas ó imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados serán obxecto dunha bonificación do 95 por cento da cota cando os bens e dereitos adquiridos sexan destinados, directa e exclusivamente, polo suxeito pasivo á realización dos investimentos con dereito a deducción a que se refiren os artigos anteriores.

Artigo 6. *Beneficios fiscais no imposto sobre actividades económicas e noutros impostos e taxas locais.*

1. De acordo co disposto no punto cinco.1 da disposición adicional segunda da Lei 53/2002, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, os suxeitos pasivos do imposto sobre actividades económicas terán dereito a unha bonificación do 95 por cento nas cotas e recargas correspondentes ás actividades de carácter artístico, cultural, científico ou deportivo que vaian ter lugar durante a celebración do Ano Santo Xacobeo 2004 e que o Consello Xacobeo certifique que se enmarcan nos seus plans e programas de actividades.

Para efectos do disposto no parágrafo anterior, entenderase que as actividades de carácter artístico, cultural, científico ou deportivo que poden ser obxecto da bonificación son as comprendidas dentro da programación oficial do acontecemento que determinen a necesidade de causar alta e tributar polo epígrafe ou grupo correspondente das tarifas do imposto, de modo adicional e con independencia da tributación polo imposto sobre actividades económicas que lle correspondera ata ese momento á persoa ou entidade solicitante do referido beneficio fiscal.

2. De acordo co disposto no punto cinco.2 da disposición adicional segunda da Lei 53/2002, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, as empresas ou entidades que desenvolvan exclusivamente os obxectivos do Ano Santo Xacobeo 2004 segundo certificación do Consello Xacobeo terán dereito a unha bonificación do 95 por cento en tódolos impostos e taxas locais que poidan recaer sobre as súas operacións relacionadas co dito fin.

Entre os impostos a que se refire este punto non se entenderán comprendidos o imposto sobre bens inmobles e o imposto sobre vehículos de tracción mecánica.

Para efectos do previsto neste punto, entenderase que unha empresa ou entidade desenvolve exclusiva-

mente os obxectivos do Ano Santo Xacobeo 2004 cando a actividade ou operación respecto á que se solicita o beneficio fiscal se refira unicamente a actos de promoción e desenvolvemento da programación oficial do acontecemento.

CAPÍTULO II

Procedemento para o recoñecemento dos beneficios fiscais

Artigo 7. *Procedemento para o recoñecemento dos beneficios fiscais pola Administración tributaria.*

1. O recoñecemento previo do dereito dos suxeitos pasivos á aplicación das deducións no imposto sobre sociedades e no imposto sobre a renda das persoas físicas previstas nos artigos 2, 3 e 4 será efectuado polo órgano competente da Axencia Estatal de Administración Tributaria, logo de solicitude do interesado.

A solicitude deberase presentar polo menos 30 días naturais antes do inicio do prazo regulamentario de declaración-liquidación correspondente ó período impositivo en que deba ter efectos o beneficio fiscal do que se solicita o recoñecemento.

Á dita solicitude deberáselle xunta-la certificación expedida polo Consello Xacobeo que acredite que os investimentos con dereito a deducción ós que a solicitude se refire se realizaron en cumprimento dos seus plans e programas de actividades.

O prazo máximo en que debe notificarse a resolución expresa do órgano competente neste procedemento será de 30 días naturais desde a presentación da correspondente solicitude. O cómputo do dito prazo suspenderase, cando se lle requira ó interesado que complete a documentación presentada, polo tempo que medie entre a notificación do requirimento e a presentación da documentación requirida.

Transcorrido o prazo a que se refire o parágrafo anterior sen que o interesado recibise notificación administrativa acerca da súa solicitude, entenderase outorgado o recoñecemento previo.

2. Para a aplicación da bonificación na cota do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados a que se refire o artigo 5, os suxeitos pasivos uniranlle á declaración-liquidación do dito imposto a certificación expedida polo Consello Xacobeo na que conste o compromiso do solicitante de que os bens e dereitos adquiridos se destinarán directa e exclusivamente á realización de investimentos efectuados en cumprimento dos seus plans e programas de actividades, así como copia da solicitude formulada ante o órgano competente da Axencia Estatal de Administración Tributaria a que se refire o punto 1 deste artigo en relación co dito investimento.

Nos casos en que a dita solicitude non fose presentada, farase constar esta circunstancia na documentación que se lle xunte á declaración-liquidación do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, debéndose achega-la copia daquela solicitude unha vez que fose presentada.

O dereito á bonificación na cota do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados quedará condicionado, sen prexuízo das facultades de comprobación da Administración tributaria, ó recoñecemento previo pola Axencia Estatal de Administración Tributaria do dereito a que se refire o punto 1 deste artigo.

O órgano competente de cada comunidade autónoma comunicarlle a identidade dos suxeitos pasivos que aplicaran a bonificación ó Departamento de Xestión Tributaria da Axencia Estatal de Administración Tributaria, que, pola súa vez, lle comunicará a aquel as resolucións

que se adopten nos procedementos a que se refire o punto 1 deste artigo en relación ós ditos suxeitos pasivos.

3. O recoñecemento previo do dereito dos suxeitos pasivos do imposto sobre actividades económicas á bonificación prevista no artigo 6.1 será efectuado polos concellos relacionados no anexo ou, se é o caso, polas entidades que teñan asumida a xestión tributaria do imposto, a través do procedemento previsto no artigo 9 do Real decreto 243/1995, do 17 de febreiro, polo que se dictan normas para a xestión do imposto sobre actividades económicas e se regula a delegación de competencias en materia de xestión censual do dito imposto, salvo no relativo á necesidade de esixilo informe técnico preceptivo.

4. Para a aplicación das bonificacións previstas no artigo 6.2, relativas a outros impostos e taxas locais, os suxeitos pasivos deberán presentar unha solicitude ante as entidades que teñan asumida a xestión dos respectivos tributos, á que lle unirán a certificación acreditativa do cumprimento do requisito esixido no artigo 6.2, expedida polo Consello Xacobeo.

5. O prazo máximo en que se debe notificar a resolución expresa do órgano competente nos procedementos previstos nos puntos 3 e 4 deste artigo será de dous meses desde a presentación da correspondente solicitude. O cómputo do dito prazo suspenderase cando sexa requirido o interesado para que complete a documentación presentada, polo tempo que medie entre a notificación do requirimento e a presentación da documentación requirida.

Transcorrido o prazo a que se refire o parágrafo anterior sen que o interesado recibise notificación administrativa acerca da súa solicitude, entenderase outorgado o recoñecemento previo.

6. O órgano que, segundo o establecido nos puntos anteriores, sexa competente para o recoñecemento do beneficio fiscal poderá requirirle ó Consello Xacobeo, ou ó solicitante, a achega da documentación a que se refire o artigo 8.1, co fin de comproba-la concorrencia dos requisitos esixidos para a aplicación do beneficio fiscal do que se solicita o recoñecemento.

Artigo 8. *Certificacións do Consello Xacobeo.*

1. Para a obtención das certificacións a que se refire este real decreto, os interesados deberán presentar unha solicitude ante o Consello Xacobeo á que lle xuntarán a documentación suficiente relativa ás características e á finalidade do investimento ou actividade realizados.

O prazo para a presentación das solicitudes de expedición de certificacións rematará o 15 de xaneiro de 2005.

2. O Consello Xacobeo emitirá, cando proceda, as certificacións solicitadas segundo o establecido no punto anterior, nas que se fará constar, polo menos, o seguinte:

a) Nome e apelidos, ou denominación social, e número de identificación fiscal do solicitante.

b) Domicilio fiscal.

c) Descrición do investimento ou actividade, e importe total do investimento realizado.

d) Confirmación de que a actividade se enmarca ou o investimento se realizou en cumprimento dos plans e programas de actividades do Consello Xacobeo para a celebración do Ano Santo Xacobeo 2004.

e) No caso dos investimentos a que se refire o artigo 2.3, a confirmación expresa de que as obras se realizaron en cumprimento das normas arquitectónicas e urbanísticas que, ó respecto, poidan establece-los concellos e o Consello Xacobeo.

f) No caso dos investimentos regulados no artigo 3, confirmación expresa de que os gastos de propaganda e publicidade foron aprobados polo Consello Xacobeo, de acordo co disposto no artigo 3.3.

g) No caso da certificación a que se refire o artigo 7.2, o compromiso do solicitante de que os bens e dereitos adquiridos se destinarán, directa e exclusivamente, á realización de investimentos efectuados en cumprimento dos plans e programas de actividades do Ano Santo Xacobeo 2004.

h) Mención do precepto legal no que se establecen os incentivos fiscais para os investimentos ou actividades a que se refire a certificación.

3. O prazo máximo en que se deben notificar as certificacións a que se refire este artigo será de dous meses desde a presentación da correspondente solicitude.

Se no prazo de dous meses desde a presentación da solicitude non se recibise requirimento ou notificación administrativa sobre ela, entenderase cumprido o requisito a que se refire este artigo, podendo o interesado solicitarlle á Administración tributaria o recoñecemento do beneficio fiscal, segundo o disposto no artigo anterior, achegando copia selada da solicitude.

Artigo 9. *Remisión das certificacións expedidas polo Consello Xacobeo.*

O Consello Xacobeo remitiralle ó Departamento de Xestión Tributaria da Axencia Estatal de Administración Tributaria, nos meses de xaneiro, abril, xullo e outubro, copia das certificacións emitidas conforme o previsto neste real decreto, para a súa ulterior remisión ós órganos de xestión competentes.

A remisión ó Departamento de Xestión Tributaria da Axencia Estatal de Administración Tributaria da copia das certificacións expedidas polo Consello Xacobeo efectuarase a partir do primeiro trimestre natural que finalice con posterioridade á entrada en vigor desta disposición, e continuará ata o 30 de abril de 2005.

Se o Consello Xacobeo non emitise a certificación solicitada segundo o establecido no artigo anterior, deberá remitir copia da solicitude presentada polo interesado.

Artigo 10. *Comprobación administrativa.*

A Administración tributaria poderá comproba-lo cumprimento dos requisitos necesarios para a aplicación dos beneficios fiscais a que se refire este real decreto e practicar, se é o caso, a regularización que resulte procedente.

CAPÍTULO III

Réxime de mecenado prioritario

Artigo 11. *Aplicación do réxime de mecenado prioritario.*

1. O réxime de mecenado prioritario previsto no punto un da disposición adicional segunda da Lei 53/2002, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, será de aplicación ós programas e actividades relacionados co Ano Santo Xacobeo 2004, sempre que sexan aprobados polo Consello Xacobeo e sexan realizados polas entidades ou institucións consideradas beneficiarias do mecenado en virtude do disposto no artigo 22 da Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ó mecenado.

Para estes efectos, as citadas entidades deberán obter a correspondente certificación do Consello Xacobeo, segundo o disposto no artigo 8, na que se certifique que a actividade realizada se enmarca dentro dos plans e programas aprobados polo dito Consello.

De acordo co previsto no parágrafo segundo do punto un da disposición adicional segunda da Lei 53/2002, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas

e da orde social, elevaranse en cinco puntos as porcentaxes de deducción establecidas con carácter xeral na Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ó mecenado, en relación cos programas e coas actividades que se realicen para tal acontecemento ata o final do período da súa vixencia.

2. De acordo co previsto no punto seis da disposición adicional segunda da Lei 53/2002, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, as entidades e institucións ás que se refire o punto anterior expedirán, en favor dos achegantes, as certificacións xustificativas previstas no artigo 24 da Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ó mecenado, e remitiranlle ó Consello Xacobeo, dentro dos dous meses seguintes á finalización de cada exercicio, unha relación das actividades financiadas con cargo ás ditas achegas, así como copia das certificacións expedidas.

3. O Consello Xacobeo remitiralle copia das certificacións recibidas, dentro dos dous meses seguintes á súa recepción, á Axencia Estatal de Administración Tributaria.

Disposición transitoria única. *Investimentos realizados antes da entrada en vigor deste real decreto.*

1. Cando os investimentos a que se refire o punto dous.1.c) da disposición adicional segunda da Lei 53/2002, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, fosen realizados entre o 1 de xaneiro de 2003 e a data de entrada en vigor deste real decreto, a aprobación e cualificación do Consello Xacobeo á que se refire o artigo 3 deste real decreto incorporárase á certificación acreditativa emitida de acordo co establecido no artigo 8.

2. Cando as transmisións patrimoniais ás que lles sexa de aplicación a bonificación prevista no punto catro da disposición adicional segunda da Lei 53/2002, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, fosen realizadas entre o 1 de xaneiro de 2003 e a data de entrada en vigor deste real decreto, e o suxeito pasivo non aplicase a dita bonificación na declaración-liquidación presentada, poderase solicitar a correspondente devolución de ingresos indebidos desde o momento en que concorran os requisitos que establece o artigo 7.2 deste real decreto para a aplicación da mencionada bonificación.

Disposición derradeira primeira. *Réximes tributarios forais.*

O previsto neste real decreto enténdese sen prexuízo dos réximes tributarios forais de concerto e convenio económico en vigor, respectivamente, nos territorios históricos do País Vasco e na Comunidade Foral de Navarra.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor e ámbito de aplicación temporal.*

1. Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado» e resultará aplicable ós investimentos, ás operacións e ás actividades realizadas a partir do 1 de xaneiro de 2003 que cumpran os requisitos previstos na disposición adicional segunda da Lei 53/2002, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, e nesta norma.

2. Este real decreto cesará na súa vixencia o 31 de decembro de 2004, excepto os artigos referentes

ás obrigas de emisión e remisión de certificados, que cesarán cando se ultime o seu cumprimento.

Dado en Madrid, o 11 de xullo de 2003.

JUAN CARLOS R.

O ministro do Facenda,
CRISTÓBAL MONTORO ROMERO

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

15240 *REAL DECRETO 946/2003, do 18 de xullo, polo que se establecen requisitos específicos de etiquetaxe para o espárrago branco en conserva.* («BOE» 181, do 30-7-2003.)

O Real decreto 1334/1999, do 31 de xullo, polo que se aproba a Norma xeral de etiquetaxe, presentación e publicidade dos produtos alimenticios, establece os requisitos obrigatorios que deben figurar nas etiquetas con obxecto de informa-lo consumidor sobre as características dos produtos alimenticios. A dita norma incorporou ó ordenamento xurídico interno a normativa comunitaria vixente nese momento, que posteriormente foi codificada mediante a Directiva 2000/13/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 20 de marzo de 2000, relativa á aproximación das lexislacións dos estados membros en materia de etiquetaxe, presentación e publicidade dos produtos alimenticios.

Así mesmo, segundo os principios xerais da citada norma aplicables á etiquetaxe, as modalidades segundo as cales se realice esta etiquetaxe non deberán inducir a confusión ó comprador sobre a natureza, identidade, calidades, composición, cantidade, duración, orixe ou procedencia e modo de fabricación ou de obtención.

A experiencia acumulada aconsella acomoda-las prácticas comerciais ó espírito da normativa existente, para evitar que determinados produtos gocen da fama doutros similares, aproveitando a circunstancia de que unha interpretación ampla da lexislación lles conceda determinadas vantaxes no mercado.

Con esta perspectiva, e de acordo co artigo 13 do citado real decreto, parece conveniente completa-las normas sobre etiquetaxe de espárrago envasado, no que se refire á indicación da orixe e procedencia do produto.

Este real decreto dítase ó abeiro do disposto no artigo 149.1.13.^a da Constitución, que lle atribúe ó Estado a competencia exclusiva sobre bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica.

Para a súa elaboración foron consultadas as comunidades autónomas así como representantes do sector afectado, e emitiu informe preceptivo a Comisión Interministerial para a Ordenación Alimentaria.

Este real decreto, en fase de proxecto, foi sometido ó procedemento previsto no artigo 19 da directiva 2000/13/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 20 de marzo de 2000, relativo á aproximación das lexislacións dos estados membros en materia de etiquetaxe, presentación e publicidade dos produtos alimenticios.

Na súa virtude, por proposta do vicepresidente segundo do Goberno para Asuntos Económicos e ministro de Economía, do ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación e da ministra de Sanidade e Consumo, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 18 de xullo de 2003,